

### **A alcaldesa de Triacastela incumpre o Regulamento do concello ao deixar sen convocar 4 dos 6 Plenos ordinarios previstos para este ano**

Dado que as únicas convocatorias datan de abril e xullo, os socialistas consideran que “a rexedora, abusando da súa maioría absoluta, fai ó seu antollo o que mellor lle convén en todo momento, vetando así que o resto de concelleiros poidamos exercer a nosa labor”

Aseguran que a titular da entidade local “se salta claramente” a normativa que foi aprobada pola Corporación local, xa que de habelos convocado, Iglesias tería que enfrontarse dialecticamente coa Oposición, “extremo que, como se pode ver, intenta evitar a toda costa porque nestas sesións é onde se fan visibles as súas debilidades”

Conforme a este acordo, o Pleno de Triacastela tería que terse reunido de forma ordinaria cada dous meses. O PSOE esixe que non aconteza o mesmo en 2015, e que se xustifique este incumprimento cun informe da Secretaría, pois este órgano é o encargado de facer gardar legalidade en todas as accións de goberno

**TRIACASTELA, 27 DE NOVIEMBRE DE 2014.-** O grupo municipal socialista de Triacastela denuncia “a incompetencia absoluta” da alcaldesa ao deixar sen convocar catro dos seis Plenos ordinarios previstos para este ano, limitando así a actuación dos membros da Oposición. Neste senso, o voceiro do PSOE –Miguel Fernández- explica que, dado que as únicas convocatorias datan de abril e xullo, “demóstrase que a Sra. Iglesias, abusando da súa maioría absoluta, fai ó seu antollo o que mellor lle convén en todo momento, vetando así que o resto de concelleiros poidamos exercer a nosa labor”.

Deste xeito, asegura que a rexedora “se salta claramente” a normativa que foi aprobada pola Corporación local, pois de habelos convocado, a alcaldesa tería que enfrontarse dialecticamente coa Oposición, “extremo que, como se pode ver, intenta evitar a toda costa porque nestas sesións é onde se fan visibles as súas debilidades”. A este respecto, Fernández considera que “o feito de que pasados os meses que marca o Regulamento non se convocasen as citas veise dende fóra como un acto de cobardía”. Así o entende, asegura, o Partido Socialista, pois trátase dunha “violación sistemática da democracia” por parte da rexedora do Partido Popular. Tendo en conta a negativa de Olga Iglesias para convocar estes plenos faise evidente, indica, “o seu absoluto desprezo aos veciños, a súa falta de ideas, de propostas e de realidades”.

#### **Un Pleno cada dous meses**

Durante a sesión constitutiva da actual Corporación municipal, aprobouse por unanimidade celebrar un pleno ordinario cada dous meses, é dicir, o que fixa a lei para municipios de ata 5.000 habitantes. Conforme a este acordo, o Pleno de Triacastela tería que terse reunido de forma ordinaria tamén outras catro veces. Isto amosa, engaden, “o incumprimento flagrante por parte da alcaldesa, que non está xustificado de modo algún e, por tanto, deriva na vulneración dos dereitos fundamentais dos concelleiros membros da Corporación municipal”.

#### **Peticións dos socialistas**

Por todo elo, o grupo municipal socialista esíxelle á rexedora que, o vindeiro ano, convoque todas as sesións, para que o PSOE poida incorporar na orde do día todas as propostas e mocións que consideren oportunas e, así, sexan sometidas a discusión e aprobación pola Corporación. Así mesmo, piden que se xustifique legalmente o incumprimento na convocatoria



## **NOTA DE PRENSA**

de plenos polo prexuízo que supón para os dereitos políticos e de participación, e demandan a realización dun informe da Secretaría municipal sobre a citada actuación, xa que o secretario é o encargado de facer gardar a legalidade nas actuacións levadas a cabo e “nas accións que tamén inclúen a inacción da administración como é o caso que nos ocupa”, conclúe o socialista.